



CONCELLO DE POIO

Ref: MC (Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS TRINTA E OITO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E CINCO DE MAIO DE DOUS MIL DEZ.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezasete horas e corenta minutos do día vinte e cinco de maio de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. M^a Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Irene Ligeró Iglesias, Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; actuando como Secretaria a do Concello D^a. Paula Ramos Díaz e como interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3384.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 27/04/2010 E 11/05/2010.- De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación das actas das sesións realizadas o 27/04/2010 e 11/05/2010, solicitándose polo voceiro do grupo municipal popular, o Sr. Domínguez Lino as seguintes rectificacións:

Na acta número 436 da sesión 27/04/2010 na páxina 39 no punto de Mocións, Rogos, preguntas e Interpelacións onde di: "Non se producen" debe dicir: "Polo Sr. Martínez Nacemento ponse de manifesto a problemática que están a causar as obras da avda. Da Cruz, as que se están a realizar en dúas fases, sobre todo os ocasionados pola parada de autobús, que para diante da farmacia.

O Sr. Alcalde contesta que se manterán conversas coa empresa para ver se poden rematar en todo caso a data 30 de xuño.

A Sra. Senra Lorenzo di que a policía local ten a situación controlada, acude con frecuencia á recollida dos nenos e coñece a situación desde o primeiro momento.

A Sra. Ligerio Iglesias pregunta cal foi o motivo polo que se pintou con liña amarela na rúa Cabo Corrubdeo.

O Sr. Piñeiro Murillo contesta que era unha zona con problemas, na que existían denuncias dos veciños e ante iso pintouse toda a rúa.

O Sr. Moldes Martínez pregunta sobre o deterioro dos viais no Parque da Memoria,

O Alcalde contesta que existen máis deficiencias pero que xa se lle comunicaron á empresa e hoxe pola mañá xa estaban traballando.

A Sra. Nieto García pregunta que orixinou unha viaxe a Madrid, que aparece na listaxe de facturas do 16/04/2010, por un importe de 705 €.

A Sra. Besada Lores contesta que foron gastos ocasionados por unha reunión que se tivo co Director Xeral do Ministerio de Fomento para tratar o tema do 1% cultural correspondente ao proxecto de Humanización na rúa Fernández de la Mora y Mon e Rúa Convento.

O Sr. Martínez Nacemento pon de manifesto que na zona de A Barca hai un rexistro con unha tapa de chapa que poder ser facilmente aberta polos nenos.

O Sr. Agís Gómez di que estes problemas xa se puxeron de manifesto á empresa concesionaria para que as tapien todas.

Igualmente, o Sr. Domínguez Lino pregunta se as obras de espazos públicos a Barca están recepcionadas, porque hai moitas deficiencias.

A Sra. Besada Lores contesta que non pero que se van a reunir coa empresa para tratar estes temas"

Na acta 437, antes de proceder á votación hai que incluír o seguinte. "Neste momento auséntase da sesión o Sr. Angel Molodes Martínez".

Efectuada a corespondente comprobación pola Secretaria coas notas tomadas en dita sesión advírtese que por error non se transcribiu a derradeira das follas relativa ao turno de rogos e preguntas.

A corporación, previa rectificación da acta afectada da maneira exposta, acorda aprobalas por unanimidade.

3385.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta á Corporación do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "3374.- ESTATÍSTICA, CREACIÓN DE DÚAS NOVAS SECCIÓNS (01-007 E 01-008) NA PARROQUIA DE SAN SALVADOR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse ao Servizo de Padrón de Habitantes e remitiuse ao Instituto Nacional de Estatística; 3375.- ESTATÍSTICA, PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DIVISIÓN

MESAS ELECTORAIS NO DISTRITO 01, SECCIÓN 005 NA ESCOLA DE MÚSICA DE CAMPELO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse ao Servizo de Padrón de Habitantes e remitiuse ao Instituto Nacional de Estatística; 3376.- SOLICITUDE BONIFICACIÓN IMPOSTO CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO), EXPTE. N° 35/10 DE D. MANUEL AROSA MUÑIZ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse ao Departamento de Intervención e Urbanismo e notificouse ao solicitante; 3377.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE PRÉSTAMO LONGO PRAZO PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS 2010.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención e procedeuse á súa formalización; 3378.- INTERVENCIÓN, INFORME DE REPARO RELATIVO A DIVERSAS FACTURAS EMITIDAS SEN EXISTIR CRÉDITO PRESUPUESTARIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3379.- PERSOAL FUNCIONARIO, SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DO POSTO DE ENXEÑEIRO SUPERIOR PARA O DESEMPEÑO DA DEVANDITA PROFESIÓN FORA DO TERMO MUNICIPAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3380.- APROBACIÓN PROGRAMA DE PREVENCIÓN E CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR DO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Educación e Benestar Social."

A Corporación dáse por enterada.

3386.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Dáse conta á corporación das resolucións da alcaldía adoptadas deste o último pleno ordinaria que estiveron a disposición dos concelleiros xunto cos demais asuntos da orde do día.

A corporación dáse por enterada.

3387.- ESCRITO DO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA (APDR) SOLICITANDO APROBACIÓN POLO PLENO MUNICIPAL DA RESOLUCION DE APOIO A "MARCHA CONTRA CELULOSAS".- Dáse conta do escrito remitido polo Presidente da Asociación pola Defensa da Ría de data 15 de abril de 2010, que tivo entrada no Rexistro Xeral o 24 de abril de 2010, núm. 2292, no que solicita o acordo do pleno municipal de adhesión á marcha contra contra celulosas a realizar o sábado 5 de xuño de 2010.

Con data 18 de maio de 2010 foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo: "Dáse conta do escrito do Presidente da Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) de data 15 de abril de 2010 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 24 de abril de 2010 e que tras unha exposición de motivos solicitan deste Concello a aprobación plenaria do seguinte ACORDO: " O

Concello de Poio, consciente da problemática ambiental, social e económica que provoca a presenza do complexo CELULOSAS-ELNOSA no seu actual emprazamento, expresa o seu apoio á "MARCHA CONTRA CELULOSAS" convocada pola Asociación Pola Defensa da Ría para o sábado 5 de xuño, e chama á poboación deste Concello a participar activamente nesta mobilización reivindicativa."

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Polo Sr. Barreiro Lubiánponse de manifesto que se trata de adherirse ao escrito de apoio á marcha contra celulosas do vindeiro 5 de xuño de 2010, unha moción que se trata todos os anos no Pleno correspondente.

O Sr. Domínguez Lino di que o seu grupo político non apoia o escrito e van votar en contra do mesmo.

Sometido á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas do 18 de maio de 2010 este queda aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra (PP) e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: O Concello de Poio, consciente da problemática ambiental, social e económica que provoca a presenza do Complexo "Celulosas-Elnosa" no seu actual emprazamento, expresa o seu apoio á "Marcha contra Celulosas" convocada pola Asociación Pola Defensa da Ría para o sábado 5 de xuño, e chama á poboación deste Concello a participar activamente nesta mobilización reinvidicativa.

Segundo.- Dar traslado á asociación peticionaria do presente acordo comunicándolle que contra o mesmo pode, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes

segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito."

3388.- MOCIÓN, DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE MEDIDAS PARA A REDUCCIÓN DE GASTOS XERAIS NO CONCELLO DE POIO.- Dáse conta do expediente tramitado co motivo do escrito presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular que tivo entrada no rexistro xeral do Concello de Poio con data 18/05/2010, núm. 2798 no que solicita a adopción de varios acordos polo Pleno Municipal de redución de salarios dos altos cargos así como a redución de gastos xerais.

Con data 18 de maio de 2010 dito escrito someteuse a consideración da Comisión Municipal de Facenda, Gobernación e Contas, emitíndose o seguinte ditame: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, de data 18 de maio de 2010 presentada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 18 de maio de 2010 e que tras unha ampla exposición de motivos propón as seguintes medidas: "1.- Reducción de los sueldos de los políticos con dedicación en el Concello de Poio en un 10%. 2.- Reducción de la asignación a los grupos políticos en un 10%. 3.- Reducción a los concejales, en un 10%, en las asignaciones a las comisiones informativas, plenos y juntas de gobierno local. 4.- Reducción en un 10% de los gastos generales del Concello. Es decir, reducción en atenciones protocolarias, publicidad y propoganda, gastos de oficina, gastos jurídicos y contenciosos, combustible, comunicaciones, fiestas, reparaciones, energía eléctrica, reuniones, conferencias, cursos, premios, asesor jurídico, etc. 5.- Reducción en 150.000 euros, los gastos de las horas extraordinarias. Recordando que los últimos años nos hemos gastado en horas extraordinarias, en el año 2007 un importe de 140.652,65 euros, en el 2.008, 214.120,16 euros, y en el año 2.009 más de 205.461,79 euros."

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que, ao presentar hoxe a moción, o seu grupo político non a estudou nin están presentes os membros do terceiro grupo municipal, polo que

debería pasar directamente ao pleno.

O Sr. Angel Moldes Martínez di que non teñen ningun problema de que pase directamente ao pleno.

A Comisión por unanimidade de asistentes non emite ditame sobre a moción sendo elevada directamente a consideración do Pleno.”.

Comeza a quenda de deliberacións O Sr. Domínguez Lino explicando o contido do escrito no que solicitan a adopción dunha serie de medidas que leven o aforro municipal. Ademais manifesta que é o momento de que os políticos den exemplo cara os veciños e ademais nestes momentos, por iso solicitamos que se reduzan os soldos dos políticos con dedicación exclusiva, retribucións por asistencias á sesións e asignación a grupos, nun porcentaxe dun 10%. Igualmente solicitamos do equipo de goberno unha redución en gasto xeral como poden ser os gastos protocolarios, festexos e os gastos ocasionados polas horas extraordinarias.

O Sr. Barreiro Lubián explica que desde a FEMP e FEGAMP vanse a ditar propostas de rebaixas nos soldos dos altos cargos e ao mellor deberíamos esperar a que estas propostas xordan e sexan consensuadas por iso solicitamos que se pospoña o debate deste punto á espera dunha proposta da FEMP ou FEGAMP.

A Sra. Besada Lores explica que o seu grupo político pensa, ao igual que o Sr. Barreiro, que se debería de esperar ás propostas efectuadas pola FEMP.

O Sr. Domínguez Lino manifesta a súa vontade de esperar a tratar o tema das rebaixas das remuneracións, que sería os tres primeiros puntos, pero o que non aceptan é non debater os puntos 4 e 5, que serían o dos gastos xerais e á rebaixa das horas extraordinarias, xa que son medidas que debemos de adoptar para reducir o gasto no Concello de Poio.

O Sr. Alcalde intervén para propor que se retire á moción presentada e que se reúna a Xunta de Voceiros para elaborar unha proposta consensuada que se debatiría no pleno do mes de xuño. O Concello está a facer esforzos de aforro e a traballar seguindo este mesmo criterio. Desde o ano 2007 as asignacións están conxeladas ata unha nova lexislatura, foi un acordo conxunto. Por iso, pensamos que este acordo debería saír dunha proposta consensuada.

O Sr. Domínguez Lino reitera o exposto, e que o seu grupo político, estaría de acordo en negociar unha proposta consensuada para as tres primeiras medidas pero non para as dúas últimas, que si son a ter en conta.

Neste momento da deliberación sométese a votación a retirada dos tres primeiros puntos da moción, asunto que será tratado nunha Xunta de Voceiros que se convocará aos efectos e seguir debatindo a adopción dos acordos que procedan relación coas dúas últimas proposta solicitadas polo Grupo Municipal do PP, quedando aprobado por unanimidade.

Continua a quenda de intervencións, o Sr. Barreiro Lubián manifestando que no escrito presentado polo PP solicítanse unha serie de reducións sen sentido e sen especificar, carece dunha análise previa. Nunha organización como un Concello existen gastos correntes que non se poden obviar: electricidade, teléfono, material de oficina....

Por exemplo, solicitudes que se reduzan os gastos en premios e gastos xurídicos, nunca dixestes en que queredes que se reduzan se en subvencións, festas e ocorre o mesmo cos gastos xurídicos se imos aos preitos será porque nos temos que defender supoño que vos referides ás minutas dos avogados ou procuradores... nos pensamos que hai que asumir as solicitudes.

Outra petición que realizades é a redución de horas extraordinarias, estas fanse porque hai traballos que non se poden facer na xornada laboral e por razón de urxencia e por prestar os servizos aos veciños hai que facelas.

Consideramos que non estamos ante unha situación tan desesperante para adoptar todas esas medidas que solicitudes.

A Sra. Besada Lores pon de manifesto que están de acordo en aforrar pero que existen gastos que hai que asumir que non se pode adoptar un acordo destas características na que se pide que se reduza o gasto en combustible, se temos os coches parados no almacén si podemos aforrar. Con respecto á enerxía eléctrica estanse a facer grandes investimentos no cambio de luminaria; o material de oficina estase a controlar o consumo. Se solicitudes un aforro porque en vez de 600.000 non se pide unha redución de 1.000.000, xa que as solicitudes están feitas sen criterio ningún.

Cremos que non estamos despilfarrando pero se o PP ten a fórmula que a diga.

O Sr. Domínguez Lino contesta que son reiteracións de todos os anos, e a análise está feita por iso saen 600.000. Con respecto a iluminación hai sistemas que se están a levar a cabo pero hai moitos máis. Hai lugares, como pode ser a pista polideportiva da Caeira, que ten luz pola noite, e polos veciños reiterouse que se apaguen.

Pero quen ten que propoñer e facer as cousas son

vostedes.

A Sra. Besada Lores di que hai unha proposta dos veciños para que o túnel que hai debaixo da ponte da Barca teña luz pola noite, aínda que sexa en horario comercial. Non sei se ao PP atender ás propostas dos veciños lle pareza un despilfarro.

O Sr. Martínez Blanco manifesta que o tema discutiuse cos orzamentos. O PP fai demagogia con este tema. Cando hai crise hai familias que o pasan mal, estamos de acordo. Pero a situación do Concello de Poio non é tan alarmante non sei porque hai que trasladar os problemas doutros concellos ao noso (cita algúns como Diputación, Sanxenxo...).

Todos os gastos que hai orzamentados contamos con eles para iso se elaboran uns orzamentos e o Concello de Poio está endebedado nunha porcentaxe permitida pola lei.

O ano pasado recoñecéronse facturas extraxudiciais nas que o PP votou en contra, agás nunha, na que se pagaba un evento organizado por un membro do PP.

O Sr. Barreiro Lubián di que o PP fixo unha análise do que supón a redución, pero creo que non son coherentes xa que todos os premios e subvencións debátense na Comisión de Cultura, e sen embargo nunca votan en contra.

O gasto enerxético para chegar a el fai falla un importante investimento, e ás veces afórrase máis tendo as pistas polideportivas encendidas que apagadas, menudo exemplo de estudo profundo. Queremos exemplos e propostas que supoñan un aforro serio.

Rematada a deliberación do asunto e de conformidade co acordo adoptado pola Corporación sométese á votación as propostas formuladas no escrito presentado polo Partido Popular, puntos 4º e 5º (redución nun 10% dos gastos xerais do concello e redución de 150.000 €, os gastos das horas extraordinarias) cun resultado de 7 votos a favor da proposta (7 PP), 10 votos en contra da proposta (7 BNG e 3 PSOE) e ningunha abstención, o que queda denegado.

3389.- DEPORTES, APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO CONSELLO DE DEPORTES DO CONCELLO DE POIO.- Dáse conta á corporación do expediente tramitado co motivo da aprobación inicial do regulamento do Consello de Deportes do Concello de Poio que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deporte do Concello de Poio na súa sesión ordinaria realizada o 14 de abril de 2010.

Comeza a quenda de deliberacións a Concelleira Delegada de Deportes, a Sra. Caldas Moreira e explica que a

proposta deste regulamento nace da necesidade de formar un órgano local de carácter consultivo e conformado polas entidades que desenvolvan uns fins comúns encamiñados a promoción, información, formación e deportiva no municipio de Poio.

Poio está nun momento no que precisa unificar o deporte, xa que se están a consolidar novas disciplinas e aumentando a participación e logros xa consolidadas.

Por iso precisamos, da creación dun órgano que lle dé o deporte o papel que se merece, un papel máis relevante.

O deporte dinamiza a actividade social, cultural e turística dun municipio por iso ten que ter identidade propia, polo tanto ten que ter un organismo propio e ese órgano tense que chamar "Consello Municipal de Deportes do Concello de Poio".

O primeiro paso é a creación do presente regulamento.

A continuación, pola Concelleira Delegada de Deportes, pónense de manifesto aqueles artigos que foron obxecto de consenso dos grupos políticos e que son: artigo 5.3, artigo 7, artigo 9, artigo 9.8 e artigo 13.

O Sr. Martínez Moldes manifesta que o Grupo Municipal do PP alégrase de que se leve a cabo o Regulamento do Consello Municipal de Deporte, que foi reiterado en moitas ocasións e espera que teña mellor futuro e funcionamento que outros consellos municipais, como pode se o de participación veciñal.

A aptitude do PP foi leal e totalmente construtiva. Esperamos que os clubs do Concello se identifiquen con este proxecto así como solicitamos que se respecte aos clubs que levan traballando polo deporte en Poio mínimo dous anos, propuxemos que as faltas de asistencia sexan penalizadas ata supoñer a expulsión, desde unha perspectiva de rigurosidade e continuidade, e non decaía a participación pero a pesar de todo, pensamos que existe un punto no texto que hoxe se presenta aquí que non podemos apoiar que sería a existencia dun asesor deportivo, punto que no que non chegamos a un consenso e por iso non podemos aceptar a súa aprobación.

O Sr. Agís Gómez explica que se trata dunha proposta consensuada, polos grupos políticos, pero sorprende tal intervención do voso grupo para rematar dicindo que non o aprobades por estar en desacordo cun punto, como pode ser a figura dun asesor deportivo que pode estar nas reunións, cando o presidente da mesma así o requira, creo que estades a personalizar esta figura. Trátase dunha figura que a lei prevé en todas as reunións cando o solicita o presidente para aclarar calquera dúbida na materia, por iso non o entendemos.

A Sra. Caldas Moreira di que non vai personalizar a

ninguén nos estatutos, trátase dunha figura que participará nas reunións cando o Alcalde ou persoa en quen delegue para presidir o Consello o requira para proporcionar calquera información que se lle solicite e como experto poida facilitar, por iso pensamos que é unha figura que debe de existir.

Creo que non hai ningúen en contra ou descontento e ata o día de hoxe esta concelleira sentouse con todos os colectivos. Recordar que soamente é unha base, o comezo. Estou orgullosa do traballo realizado é un regulamento consensuado e cun contido político coherente.

O Sr. Piñeiro Murillo coincide coa opinión da Sra. Caldas Moreira e Sr. Agís Gómez na que pensa que se trata dun problema de personalizar a alguén neste texto. Os clubs funcionan perfectamente e as Escolas Deportivas tamén por iso desde o meu punto de vista, creo que vos estades a equivocarse co rexeitamento deste texto.

Neste momento toma a palabra o Sr. Alcalde e manifesta que o asunto está debatido e que procedería a súa votación, pero deberíase votar modificando o artigo 13 no que di que "será un funcionario" debe dicir: "será un funcionario ou persoal laboral do Concello de Poio".

Tendo en conta o exposto polo Sr. Alcalde sométese á votación o texto do regulamento do Consello Municipal de Deporte o que queda aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente ao Regulamento do Consello Municipal do Deporte e que se someta á información pública polo prazo de 30 días hábiles no Boletín Oficial da Provincia, para audiencia aos interesados e presentar as alegacións oportunas e de non presentarse ningunha alegación entenderase aprobada definitivamente, de conformidade cos artigos 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

Segundo: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites legais procedentes.

3390.- URBANISMO, RATIFICACIÓN DO ACORDO 7965 ADOPTADO POR RAZÓN DE URXENCIA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SÚA REALIZADA O 18 DE MAIO DE 2010.- Previa ratificación por unanimidade da inclusión do presente asunto na orde do día sen ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha, dáse conta á Corporación do expediente tramitado e do acordo número 7965 adoptado por razón de urxencia pola

Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 18 de maio de 2010 e virtude do disposto no artigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal e que di o que segue: "7965.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM EN RÚA PEIRAO-SAN SALVADOR, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE POIO E REDACTADO POLOS ARQUITECTOS D, IGNACIO HERMO TÚÑEZ E JOSÉ A. HERMO TUÑEZ, DE DATA FEBREIRO DE 2009.- Previa declaración de urxencia ao abeiro do establecido no artigo 83 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo voto favorable dos cinco membros presentes sendo seis o número total, a Secretaria da conta aos asistentes que no acordo número 3381 adoptado polo Pleno en sesión ordinaria realizada o 27 de abril de 2010 prestouse aprobación inicial ao proxecto de modificación puntual deo PXOM do Concello de Poio.

Non obstante xunto co proxecto redactado en febreiro 2009 polos arquitectos D. Ignacio Hermo Túñez e D. José A. Hermo Túñez, con data 24 de marzo de 2010 presentan no concello, número rexistro de entrada 1704, Anexo á Memoria e Plano 2 bis coa finalidade de emendar as deficiencias observadas no informe emitido polo Director General de Carreteras de 19 de febrero de 2010.

A secretaria presente na sesión sinala que conforme ao art. 105.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

"As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

Tal e como se recolle en distintos informes emitidos pola mesma funcionaria aos que se remite, e segundo a xurisprudencia do Tribunal Supremo, o erro que xustifica a rectificación, non é o erro na representación da realidade que ao igual que o erro na aplicación do dereito, trascende a decisión e debe dar lugar aos mecanismos anulatorios normais, senon o erro na expresión material do xuízo, conservando os efectos do acto, sen implicar unha revocación do mesmo, de forma que subsista despois de correxido.

A nova documentación presentada con data 24 de marzo de 2010 incorporada ao expediente obra mencionada e analizada nos informes incorporados a dito expediente con posterioridade a tal data e no ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de 27 de abril de 2010 que serviu de base ao propio acordo adoptado polo Pleno o 27 de abril de 2010.

Non se produce alteración ningunha do sentido do acto ni afecta a súa subsistencia posterior sendo unha mera aclaración material.

Non existindo debate ningún e sendo necesario proceder a corrección para levar a cabo os trámites marcados pola Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a maior brevidade posible para non provocar maiores demoras ao expediente, de conformidade coa posibilidade prevista no art. 16 do Regulamento orgánico municipal e o establecido no art. 105.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en votación ordinaria e polo voto favorable dos cinco membros presentes sendo seis o seu número total, a Xunta de Goberno Local ACORDOU:

Primeiro.- Rectificalos erros materiais existentes no acordo nº 3381 adoptado polo Pleno en sesión ordinaria realizada con data 27 de abril de 2010 e así :

-No punto 3381 da orde do día da acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno con data 27 de abril de 2010 onde dí: "3381.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, EN RÚA PEIRAO-SAN SALVADOR, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE POIO E REDACTADO POLOS ARQUITECTOS D. IGNACIO HERMO TÚÑEZ E JOSÉ A. HERMO TÚÑEZ DE DATA FEBREIRO DE 2009" debe dicir: "3381.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, EN RÚA PEIRAO-SAN SALVADOR, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE POIO E REDACTADO POLOS ARQUITECTOS D. IGNACIO HERMO TÚÑEZ E JOSÉ A. HERMO TÚÑEZ DE DATA FEBREIRO DE 2009 E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA-ANEXO MEMORIA E PLANO 2 BIS ZONA DE DOMINIO PÚBLICO E LÍNEA DE EDIFICACIÓN".

- No pronunciamento primeiro onde dí : "Primeiro.- Prestar aprobación inicial ao proxecto de modificación puntual de febreiro de 2009, promovido polo Concello", debe dicir: "Primeiro.- Prestar aprobación inicial ao proxecto de modificación puntual de febreiro de 2009 e documentación complementaria-Anexo memoria e plano 2 bis Zona de dominio público e línea de edificación , promovido polo Concello".

- No pronunciamento segundo onde dí: "Someter o proxecto de modificación puntual a información pública...." debe dicir: "Someter o proxecto de modificación puntual e documentación complementaria-Anexo memoria e plano 2 bis Zona de dominio público e línea de edificación e a información pública...."

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Comisión Informativa de Urbanismo na primeira sesión que celebren para os efectos establecidos no art. 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento

e réxime xurídico das entidades locais, así como ao Pleno na seguinte sesión para os efectos da súa ratificación."

Con data 25 de maio de 2010, dáse conta do acordo número 7965 á Comisión Informativa de Urbanismo.

Antes de proceder á votación pola Sra. Nieto García ponse de manifesto que o PP vai votar a favor da ratificación do acordo da Xunta de Goberno Local, nos seus propios termos, o que non supón que voten a favor da modificación puntual.

A continuación sométese a votación a ratificación do acordo número 7965 adoptado por razón de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 18 de maio de 2010, o que queda aprobado por unanimidade de asistentes.

MOCIÓNS URXENTES.- De conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preséntase a consideración do pleno os seguintes asuntos.

3391.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PsdG-PSOE, PROXECTOS E FINANCIAMENTO DOS GRUPOS DE ACCIÓN COSTEIRA DO ANO 2009.- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes e de conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta do escrito de data 5 de maio de 2010 presentado por razón de urxencia polo Grupo Municipal Socialista para o seu debate pola Corporación e a adopción dos seguintes acordos, en relación coas subvencións convocadas pola Xunta de Galicia para o financiamento dos proxectos presentados dos Grupos de Acción Costeira:

Instar á Xunta de Galicia a:

1º.- incorporar os fondos destinados a subvencionar os proxectos dos grupos de accións costeira (GAC) na convocatoria de 2009, ao exercicio 2010.

2º.- Incorporar, de oficio, os proxectos presentados acolléndose á convocatoria do 2009, respectando a puntuación e valoración adecuada nese exercicio.

3º.- Buscar e facilitar apoio financeiro, complementario das axudas recoñecidas con cargo ao Eixo 4, aos promotores de iniciativas innovadoras e dinamizadoras das comarcas costeiras dependentes.

Comeza a quenda de intervencións a Sra. Besada Lores, voceira do grupo socialista municipal, explicando o contido

do escrito presentado. Os Grupos de accións costeira actúan en todo Galicia e co motivo do cambio de goberno hai proxectos que non se executaron e os fondos do ano 2009, supoñían 140.000 €. Senón se incorporan eses fondos a este exercicio non vai haber financiación.

Agora fan recortes e o noso correspóndelle 60000 €, non entendemos porque non se xestionan eses cartos europeos. Temos necesidade de que se traspasen os fondos.

O Sr. Moldes Martínez explica que Poio foi o único concello que presentou proxecto e a súa financiación réxese por unha orde europea e non se trata de orzamento da Xunta de Galicia senón que fondos da Unión Europea.

A Sra. Besada Lores manifesta que non é certo que o presidente votara en contra. Os outros concellos non forron capaz de elaborar e presentar un proxecto a tempo. Pero nos tiñábase claro o que queríamos, polas necesidades das mariscadoras, pero a pesar de todo, os proxectos denegáronse.

O Sr. Martínez Moldes contesta que a contestación foi desestimada por un defecto de forma.

O Sr. Agís Gómez di que o xerente dos GAC están molestos polos recortes que soportaron. Vai ao abeiro dunha orde da Xunta por iso están molestos. Agora pedimos o seu traspaso porque non se levaron a cabo estes proxectos e a nosa intención é que esas aportacións cheguen aos GAC segundo as valoracións realizadas.

A Sra. Besada Lores di que os proxectos teñen unha valoración xa que diso depende a aportación e non hai conformidade.

O Sr. Martínez Moldes di que a Xunta aposta polos GAC, os seus proxectos e iniciativas. Nos pensamos que non se deben de perder os fondos pero ímonos abster porque descoñecemos se os fondos da unión de poden traspasar.

Sometido á votación a moción presentada polo Grupo Municipal Socialista esta quedou aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e sete abstencións do PP, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a:

1º.- Incorporar os fondos destinados a subvencionar os proxectos dos grupos de accións costeira (GAC) na convocatoria de 2009, ao exercicio 2010.

2º.- Incorporar, de oficio, os proxectos presentados acolléndose á convocatoria do 2009, respectando a puntuación e valoración adecuada nese exercicio.

3º.- Buscar e facilitar apoio financeiro, complementario das axudas recoñecidas con cargo ao Eixo 4, aos promotores de iniciativas innovadoras e dinamizadoras das comarcas costeiras dependentes.

3392.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLO QUE SE PRESTA APROBACIÓN Á LIQUIDACIÓN ORZAMENTO EXERCICIO 2009.- Previa declaración de urxnecia por unanimidade de asistentes e de conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta do expediente elaborado en relación coa liquidación do orzamento ordinario correspondente ao exercicio económico de 2009 aprobado por decreto da alcaldía de data 20 de maio de 2010, co seguinte resultado:

- Dereitos Recoñecidos Netos: 14.688.295,65 €
- Obrigas recoñecidas Netas: 16.406.895,91 €.
- RESULTADO PRESUPOSTARIO: 132.795,03 €.
- REMANENTE DE TESOURERÍA: 4.391.174,10
- REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS: 2.653.915,93 €.

Non subscitándose debate ningún, a Corporación dáse por enterada do decreto da alcaldía de data 20 de maio de 2010, polo que se aproba a liquidación do presuposto correspondente ao exercicio 2009.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Prodúcense as seguintes:

O Sr. Domínguez Lino formula o seguinte rogo: co motivo da aprobación dos proxectos dos Portos de Covelo e Raxó solicita que o PP se integra na Comisión de Seguimento mediante a incorporación dun representante.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas e vinte e cinco minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria xeral, dou fe.